

SERGIO COVELO MOREIRA

Desde 2001 adícase ao deseño gráfico e puntualmente á ilustración e á BD. Colaborou en diversos fanzines, entre os que se contan, a nivel estatal, "Cabezabajo" e "Dos veces breve", e a nivel autonómico, "Chámalle X", "Whore!", "Comikaze" e o "Fanzine das Xornadas". Participou no suplemento xuvenil "Golfinho" de La Voz de Galicia e nas exposicións "Vigo nas sombras II", "Cómics en Vigo" e "Semana de Banda Deseñada 2000". É un dos autores fixos da revista "Barsowia" (2002-2012) e colaborou coa publicación "Código Cero". Contribuíu aos álbumes colectivos "H2Oil" e "Barsowia en Llamas" (Dolmen, 2006) e á novela gráfica "Capital" (Edicions de Ponent, 2006).

Palmarés

Gañou un accésit no Concurso Galego de Banda Deseñada, categoría B (18 a 30 anos) en 1997. Coa historia "A realización persoal de D.X." levou un accésit no XV concurso galego de banda deseñada Xuventude 1999. Recibiu o primeiro premio no Certame de Cómics de Arteixo (2000), categoría C (adultos), coa historia "Salvar o Ovo Ryan", unha parodia culinaria do filme de Steven Spielberg. Xunto con Kike Benlloch fixo "Asasinos", 2º premio na categoría A do certame de cómic de Cangas 2007.

Formación específica


Licenciado en Belas Artes pola facultade de Pontevedra. Curso de infografía audiovisual.



AUGUSTO METZTLI (Zamudio):

"Metztli, disecta fragmentos de la realidad específicos y los somete un extraño tratamiento que termina por convertirlos a su lenguaje pictórico. Su obra es la síntesis de un ejercicio de apropiación. Le pone figura y color a cada cosa o persona que asocia con una emoción, que le es intensa"

Ramsés Figueroa (Escritor).



IDOIA DE LUXÁN:

Idoia de Luxán vázquez (Ourense, 1984)

Ecologista, activista, ilustradora e diseñadora gráfica.

Formouse en Barcelona, na Escola Joso e na Escola Massana. Traballou en estudos coma Designa Edenia, participando en edicións coma as "Historias de Galiza" (VV.AA.), "Irmandiños, A Revolta" (VV.AA.) ou "Seducidos pola filosofía" (de Ramón Area). Na actualidade traballa coma freelancer, para diferentes clientes. Realiza e apoia, tamén, proxectos sobre ecoloxía e alternativas sociais. Nos ratos libres, adora disfrutar da riqueza natural da terra galega na que creceu.



CALROS SILVAR:

Licencieime en Belas Artes en Madrid no 1980) e, con anterioridade, Diplomeime en interiorismo, tamén en Madrid, no 1977).

Son Ilustrador independente dende 1978 e, durante case trinta anos (1981-2010), fun Deseñador do Grupo Sargadelos, nas cerámicas do Castro (Sada, A Coruña)

Nos meus comezos traballei como debuxante, caricaturista, humorista gráfico e ilustrador para a Revista Crash (Madrid) e para o semanario A Nosa Terra (Compostela-Vigo). Tamén colaborei nas publicacións de humor e BD, Can sen Dono, A Ameixa cacofónica, XO!, Malfeito, Sapoconcho, A Peneira, A Xanela, O Farelo, Frente Comixario (nº especial), Follas Secas, Xerme, Ólisbos, Casahamlet, Areal, etc.

Ilustrei libros para: Editorial Galaxia, Edicións do Castro, Edicións Xerais, Penthalon, Editorial Popular, Contracanto, Baía edicións, Grupo Anaya, Promocións Culturais Galegas -A Nosa Terra, Siruela, Alhucema, Edelvives, Novos


Vieiros, ERA Editorial, Ártabro editora, Salvatella Editorial e mais cos servizos editoriais da Sociedade Galega de Historia Natural, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, Mesa pola Normalización Lingüística, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, A.C. Alexandre Bóveda, Concello de Santiago, Concello de Ferrol, Deputación de Pontevedra, Concello de Pontevedra, Museo do Humor de Fene, Xunta de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade Popular de Vigo, Consello da Cultura Galega.

Especialiceime en ilustración da natureza, e realicei as ilustracións para a serie **Baía Verde**, de Baía Edicións: *Guía das aves de Galicia*, *Guía das árbores de Galicia*, *Guía das macroalgas de Galicia*, *Guía Micolóxica dos ecosistemas galegos*, *Guía dos anfíbios e réptiles de Galicia*, *Guía dos Mamíferos de Galicia*, *Guía dos fentos de Galicia*, *Guía das libélulas de Galicia* e colaborei na *Guía dos líquens de Galicia* e nos tomos (4) sobre os *Espacios Naturais de Galicia*, entre outros.

Para A Nosa Terra realizou a Colección para rapaces **A Nosa Natureza** (20 cadernos) e os libros *Cogomelos de Galiza* e *Plantas medicinais de Galiza*.

Para Siruela, as ilustracións de *El Mundo de los animales*, de Desmond Morris.


Impartín cursos de debuxo, fotografía, montaxes audiovisuais ou ilustración da natureza para a A.C. Alexandre Bóveda de A Coruña, Federación de Agrupacións Culturais Galegas, Sociedade Galega de Historia Natural, Centro Galego de Arte Contemporánea e CEIDA, entidade coa que aínda colaboro.



QUICO:

Quico (1975).

Reside en Compostela e traballa como ilustrador para distintas editoriais.



MARCOS B:

Xoven autor coruñés de obra todavía moi escasa. O feito de compatibilizar o seu traballo coa elaboración de comics propios fai que as 24 horas do día lle queden escasas. Na súa obra conflúen dúas facetas: unha escura, inquietante, que mestura ensoñación, fantasía, beleza, maxia, monstros, natureza, terror, misterio... A outra, máis colorida, desenfadada e aventureira. Ámbalas dúas, aínda que opostas acaban atopando elementos comúns que, no seu conxunto, conforman o moi persoal universo deste creador de historias ó que convén seguirlle a pista...

Galerías do autor:

<http://www.behance.net/MarcosB>

www.agpi.es



ALBERTO OKIDOKI:

Alberto García Ariza

Doutor en Belas Artes (2011)

Leva traballando profesionalmente como ilustrador dende o ano 2000. A meirande parte do seu traballo céntrase no eido dos libros de texto, aínda que tamén se move no ámbito publicitario e nas publicacións infantís.

Compaxina a súa laboura profesional coa docencia na Facultade de Belas Artes, impartindo docencia no Grao en Belas Artes e no Mestrado no Libro Animado e Animación Audiovisual; e en AulaD, no ciclo superior de Gráfica Publicitaria. O seu vencellamento co eido ilustrativo levouno fai uns anos a formar parte da directiva da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), asociación da que actualmente é vicepresidente.



ALMUDENA APARICIO:

Ola! O meu nome é Almudena Aparicio Andi3n e son ilustradora.

Dende que te3o memoria sempre tiven preto un l3piz e papel, polo que poder3a dicir que debuxar, f3xeno sempre.

3 rematar os meus estudos na Facultade de Belas Artes comez3i a adicarme 3 mundo da ilustraci3n de forma profesional a partir de 2004, dende ese intre comez3i a realizar traballos para publicaci3ns infant3s, ilustraci3ns de prensa, libros e cadernos de texto, traballos con fins publicitarios e divulgativos, entre outros.



JORGE ALBA:

Natural de As nogais (Lugo), entra en contacto co mundo da arte dende pequeno, debuxando para entreterse e segue a súa formación na "Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón." ata a actualidade.

Entre outras cousas estes últimos anos, publica ilustracións na voz de galicia, gaña concurso de pintura de sarria, expon no museo provincial no concurso de arte contemporanea Cidade de Lugo, e ca escola nunha colectiva. Participa nas balconadas de pintura de Betanzos, Realiza murais exteriores públicos e privados, como o mural cerámico do Colexio de Baralla, ou a Casa de baixo (casa turismo rural, mural nas catro paredes), etc..



MIGUEL FERNÁNDEZ:

Naceu en Baralla, Lugo.
Estudou deseño gráfico na Escola de Artes Aplicadas Ramón Falcón, de Lugo, ademáis de realización de audiovisuais na Escuela Superior de Imagen y Sonido CES, en Madrid, e cinema de animación e debuxos animados na ECAM (Escuela de Cinematografía y del Audiovisual de la Comunidad de Madrid). Colaborou na realización da curtametraxe de animación en 2D "*Teatro Mágico*". Traballou para Animagic Studio nas películas; "*Los tres Reyes Magos*", "*O Cid*" e "*Jester Till*". Acadou o premio ao mellor cómic da xénero negro na sexta edición do Festival Internacional de Cinema Negre de Manresa (Fecinema), pola obra "*Yo no trabajo gratis*", no ano 2004.

No ano 2010 publica "*O Fillo da Furia*" con guión de Manolo López Poy, esgotando a edición en Galego e publicándose tamén en castelán.



ALFREDO LÓPEZ (TOKIO):

Comeza na ilustración a través da banda deseñada nas revistas viguesas dos anos 80 (CASTRELLIS; KATARSIS, etc.), publica viñetas de humor en diversos xornais entre os que cabe destacar *A Peneira* e *A Nosa Terra*. Licénciase en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Zooloxía Mariña, pola Universidade de Santiago en 1989 o que lle abre paso á ilustración científica e naturalista, traballando como profesional entre 1989 e 1998, doutórase en Bioloxía Animal en 2003. Ten realizado ilustración de libros infantís: *Crónica dos catro viaxeiros*, de Xoan Babarro, Ed. Xerais, *O coche de carreiras Rudi fuciños*, de Uwe Tim, Ed. Galaxia. *O namoro de lobo Pipo*, de Bernardino Graña, Ed. Sotelo Branco. *Nogard*, de Marilar Aleixandre, Obradoiro-Alfaguara. *A aldea das catro primaveiras*, de Xoan Babarro, Ed. Sotelo Branco, *A Toupeira*, de Xosé Alfredo Pereira, IEM-Mancomunidad de montes do Val Miñor. Ilustrou os discos "O demo fungón" e "Desafinaturum" do grupo MUXICAS.

Especializado en ilustración científica realizou, entre outras, as ilustración os libros: *Vocabulario de Ciencias*, Xunta de Galicia; *Volumen de Cefalópodos de la Fauna Ibérica*, Proyecto "Fauna Ibérica", Mus. Cien.

Nat. de Madrid., *Atlas de vertebrados de Galicia*, Consello da Cultura Galega, *A natureza ameazada*, Consello da Cultura Galega. Cartelista e deseñador de exposicións: *Exposición "Dende la beira del el mar"*, CEMMA, 1992, *Carteis da Dirección Xeral de Montes*, 1993, *Carteis sobre as especies protexidas en Cabañeros*, Entorno, Parque de Cabañeros, 1993, *Ilustracións dun fondo mariño de 6x3 metros*, Parque Nacional de Timanfaya, Expoidea,



1994. *Guía de cetáceos*, 2011.

Na actualidade traballa como biólogo responsábel de proxectos na CEMMA, desde onde segue a realizar ilustración científica.

Contacto: tokioilustracion@gmail.com 986360804//686989008

<http://www.agpi.es/ilustrador.php?id=35>

<http://www.filix.org/solidariedade/tokio.html>

<http://www.blogoteca.com/tokioilus>

David Amoedo Losada (Davida):

Vigo, 1984

Desde 2003 se dedica a la ilustración, el comic y el diseño gráfico, con un estilo cartoon influenciado por humor costumbrista, el gore y a Serie B dos 80s, 90s

Miembro fundador y coordinador del **Colectivo Fuck Comics** y el fanzine homónimo.

Colaborador de los Fanzines **Despregable**, **La Patrulla Caspa**, **XDécimo**, **DreamMaker** y **Sinónimos de Lucro**, la revista **Xogo Descuberto** y la editorial **DH Ediciones**.

Humorista Gráfico en la revista **Retranca** y en el Portal Web **Novaxove.com** perteneciente al grupo NovaGalicia Banco.

Participante en antologías **"Monstruos Clásicos"**, **"Clásicos y Zombies"** y **"Su Universo a Través"** (DH Ed. 2010) e

Ilusionaría (Dibbuks 2011).

Coordinador del Fanzine web **LaCarab.Net** y la editora **Voz en Off**.



Monográficos Publicados:

Tiras Cíclicas (2009), **Juan Cosa** (2012)

Webs:

<http://basuryya.blogspot.com>

<http://carab.net>

Contacto:

davida_dal@hotmail.com

Leandro Barea Pernas:

Lugo, 06 - Nov- 1974

Humorista gráfico

Despois de estudar o que lle mandou o Estado diplomouse en deseño gráfico e ilustración pola Escola de Artes, Ramón Falcón de Lugo no 1997 d.C.

Como primeiro traballo, no 1998, fixo deseño gráfico para Inditex, (Zara para os amigos).

Traballa de ilustrador e humorista gráfico para o xornal La Voz de Galicia dende hai máis de 12 anos gracias á idea do tamén humorista Siro López de por un humorista en cada delegación do xornal.

Tamén colaborou cas revistas , Golfiño, Mister K de edicións El Jueves, e tamén para a revista satírica El Jueves ao longo da última década.

Fixo unha moi breve colaboración ca revista musical Rockdeluxe no ano 2001.


Tamen houbo colaboracións con xornais extranxeiros como o Trevim (xornal portugués).

Ademáis de traballos esporádicos de ilustración para discos, carteis, pósters. Etc.

Exposicións (case todas colectivas) en España, Portugal, Francia ou Ucraína como membro no seu día de FECO (asociación europea de humoristas gráficos).

Exposición individual na sala municipal Maruja Mallo en Lugo co motivo de levar dez anos de traballo de humor gráfico en La Voz de Lugo, 2000-2010.

Tocoulle algun que outro premio en Portugal e España de humor gráfico, sobre todo na cidade portuguesa de Vila Real onde foi premiado varias veces no Salon Luso-galaico de caricatura dende o ano 2000.



María del Carmen Ferrín Prieto:

Naceu en Ferrol en 1979. Dende ben nova, é afeccionada ó debuxo. Estudou Humanidades na Universidade da Coruña, e é Técnica Superior en Ilustración pola Escola de Artes Pablo Picasso da Coruña.

Dedicación profesional:

Ilustración editorial (infantil e xuvenil) e deseño gráfico. Impartíu actividades extraescolares de debuxo e manualidades en varios centros e academias. Traballou na revista Imaxe e Comunicación e Ferrol Hoy, como coordinadora de redacción e axudante de maquetación. Na actualidade traballa como docente e ilustradora freelance a través de Mi Mundo Ilustrado.



Traballos Publicados:

"Manzanas amarillas y rosas de pitimini". Rosa M^a Martínez Dios. Ed. Fundación Caixa Galicia. 2005.
"Os amores de Bruno", Antón Cortizas. Ed. Planeta & Oxford. 2008

É membro da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI).

Contacto:

Macamenfp2@hotmail.com

Blog: Mi Mundo Ilustrado
www.carmenferrin.blogspot.com

Alberto Guitián (Lugo 1974):

Colabora nas revistas El Jueves, Retranca, ¡Caramba! ou Fotogramas. Ilustra carteis, libros e publicidade.

Realizou fondos para a longametraxe de animación *Chico & Rita*, nomeada ó Oscar 2012.

Ten publicados 3 álbumes: *Fito & Pita* (Retranca), *Petaco* (Diábolo) e *El Circo Lorza* (Ilarion).

Recentemente ven de publicar o sketchbook *Sólo Tinta* (Polaqia), recopilación de debuxos e bocetos inéditos. Vive na Coruña.



Mais información:

albertoguitian.blogspot.com.

es

www.albertoguitian.com

ROOSTER:



Ilustrador, debuxante e colorista
de banda deseñada.

Santiago de Compostela 1977.

Marcos García Rodríguez.